

## HISTORIA



Monte onde estaba o Castelo

As testemuñas arqueolóxicas máis lonxanas da historia de Allariz adéntrannos no 1º milenio a.C. Petroglifos e restos de castros, nalgúns casos só topónimos, espállanse por toda a xeografía municipal. Salientan entre os primeiros o conxunto de A Padela, se ben atópanse rexistrados bastantes máis.

O Castelo foi inicialmente un castro, así confirmado pola abondosa cerámica encontrada en superficie, sen que se teña efectuado ningunha escavación sistemática. O máis coñecido e escavado por Conde Valvís nos anos cincuenta é sen dúbida o de Armea, na parroquia de Sta. Mariña, co conxunto de Os Fornos como complemento. Os fondos procedentes deste castro-esculturas en pedra e cerámicas- están depositados no Museo Arqueolóxico Provincial. Máis doutra ducia de castros atópanse tamén catalogados.

### ***A Romanización: S.II a.C.- VI d.C.***

A ubicación de Allariz á beira do río Arnoia debeu contribuír ó desenvolvemento dun asentamento eminentemente viario como en tantos outros lugares, sinaladamente a capital da provincia.

Son numerosos os tramos de calzadas que aínda se conservan- S.Isidro, Roiriz...- así como topónimos ligados a accesos próximos á vila e que perviviron no medievo: Portela de Airavella, Portela de Magarelos...

Tamén se ten atopado abundante cerámica no monte do Castelo e noutros asentamentos castrexos romanizados.

Mantense a incógnita da ubicación da ponte romana que necesariamente existiu no tramo entre Potovello e Acea Rica, posiblemente no mesmo lugar no que se ergueu posteriormente a ponte medieval

### ***Período Suevo: S.VI - X***

Resulta doado seguir a pista da presenza sueva que deixou unha fonda pegada en todo o noroeste peninsular, moi especialmente na provincia de Ourense e tamén no noso Concello. Laudas sepulcrais, como as atopadas en Nanín e Os Fornos.

Topónimos como Guimarás ou Gundiás ou o da propia Vila Aliaricii, Allariz.

Tamén se realizaron numerosas construción de marcado carácter relixioso como os mosteiros de S.Martiño de Pazó, S.Trocado e S.Adrián de Amiadoso, todos eles dependentes de Celanova. Polas mesmas datas, s.X., debeuse construír a primitiva basílica de S.Benito, no mesmo emprazamento e solar no que posteriormente se edificou a actual.

Comeza o período dourado para a consolidación de Allariz como núcleo urbano. A presenza na Vila por motivos seguramente estratéxicos de Afonso VI vai marcar o rumbo deste e dos vindeiros séculos.

Érguese o castelo e iníciase o amuramento do seu entorno; ós seus pés vai medrando o primeiro caseo. A cabeceira da igrexa de Santiago, que o será tamén do castelo, constitúe a primeira mostra do románico na Vila.

Desta mesma época semella ser o altar de pedra repostado recentemente na súa ábsida.

## O Século XI

Comeza o período dourado para a consolidación de Allariz como núcleo urbano. A presenza na Vila por motivos seguramente estratéxicos de Afonso VI vai marcar o rumbo deste e dos vindeiros séculos.


Érguese o castelo e iníciase o amuramento do seu entorno; ós seus pés vai medrando o primeiro caseo. A cabeceira da igrexa de Santiago, que o será tamén do castelo, constitúe a primeira mostra do románico na Vila.



Desta mesma época semella ser o altar de pedra repostado recentemente na súa ábsida.

## O Século XII

Afonso VII, o Emperador, non só dota a Allariz de Foro propio senón que se incrementa o ritmo construtivo: igrexa de Sto. Estevo e remate das obras de Santiago.



Igrexa de Santo Estevo



Igrexa de Santiago

No último cuarto deste século, baixo o reinado de Fernando II, complétase o repertorio de igrexas románicas coa inauguración de S.Pedro e de Sta.María de Vilanova, ligada esta última á Orde de S.Xoán de Xerusalén ou Cabaleiros de Malta que tiveron recinto propio amurado – consérvase un pequeno lenzo do mesmo- para a defensa da ponte e entrada á Vila. Esta ponte de Vilanova mantense na actualidade aínda que modificada na segunda metade do s.XVI e co escudo da Vila no seu mirador.



Igrexa de San Pedro



Vista aérea da Igrexa de Vilanova e a ponte

A cabalo dos séculos XII e XIII deberon producirse os primeiros asentamentos xudeus entre S.Pedro e Vilanova, así como o inicio da curtición. Destas mesmas datas,coincidindo co reinado de Afonso IX, serían o Hospital de Peregrinos, na rúa do Seixón, á entrada do Camiño de Santiago polo sur, e o Lazareto na rúa que aínda mantén o nome de S.Lázaro.

Resulta significativo que estas edificacións de marcado carácter asistencial, xunto con outras establecidas posteriormente na mesma zona como o Albergue de S.Pedro e o Hospital do Conde, conflúan no espacio máis afastado do casarío habitado nestes intres.

## O Século XIII

Mantense neste século o afán construtivo, ligado fundamentalmente ás obras do Convento de Sta. Clara. Á primeira metade semella pertencer a Virxe Abrideira, doada por Fernando III á súa nora D<sup>a</sup> Violante.



Vista do Convento de Santa Clara

Xa na segunda metade, coa presenza do Rei Sabio longas tempadas na Vila, nada impediría que parte das Canigas se recompilaran aquí. A súa dona, Violante, mandou iniciar as obras de Sta. Clara, a quen doaría, entre outras pezas, a Virxe Abrideira e a Cruz de Cristal. Estas obras, no seu trazado orixinal, están

concluídas en 1.302,morta xa dous anos antes Violante. O poboado dos obreiros que participan na construción do convento dará orixe ó barrio de O Couto, posteriormente ocupado polos xudeus.

## O Século XIV

No primeiro tercio do s.XIV, coa Vila baixo o dominio de D.Felipe, fillo de Sancho IV, a comunidade xudea vive un momento de esplendor. Neste contexto debe situarse a orixe da Festa do Boi de Corpus, cuns poderosos gremios de artesáns enfrontados á competencia sionista. A Vila segue medrando de leste a oeste. A Picouta dos Xudeus trasládase do Eiró, en S.Pedro, a O Xardín e de aquí, posteriormente, a A Godalla, xa nas aforas. Atópase depositada actualmente no Museo Arqueolóxico Provincial. Do auxe gremial dan fe as múltiples laudas atopadas, como a do xastre que se pode contemplar nun muro da rúa Sur. O Convento de Santa Clara tamén deu acubillo ó sartego sobre bichas de D.Felipe e D<sup>a</sup>.Margarita de la Cerda que nel se conserva.

A mediados de século a feira, que dende o s.XII se viña celebrando na Praza dos Brancos, trasládase por falla de espazo a O Toural, no lugar denominado A Barreira por estar comprendido entre esta, a muralla, e o Convento. Á mesma época pertence o Selo do Concello, depositado no A.H.P.O. Curiosamente presenta tres arcos e calzada horizontal na ponte, posiblemente inspirado aínda na romana desaparecida.



Torre Lombarda, actualmente pousada

A finais de século o castelo sofre unha forte reconstrución e complementáanse as súas defensas co trazado completo da muralla, visible en varios tramos e torres defensivas como a Torre Nova, en Sto.Estevó, ou Torre Lombarda, esta exenta da muralla.

## O Século XV

Con Xoán II a Vila pasa a xurisdición de Alonso Pimentel, Conde de Benavente. Este constrúe o seu propio recinto amurado no extremo sudoeste, do que se conserva o muro de Entrecercas. Posiblemente tamén dispuxo de residencia no outeiro do Xardín, do que se nutrirían as rexas paredes de pedra que alí existen.

No Convento séguense a realizar obras, como a porta conopial de acceso,hoxe tapiada. Preto do camiño real que conduce a Celanova érguese a igrexa da Magdalena – hoxe desaparecida – ó carón do pontillón perfectamente conservado sobre o regueiro de Fontes.

Os xudeus continúan o seu periplo, instalándose agora no barrio do Socastelo, extramuros. Na rúa do Hospital, así chamada hoxe, presta servizo a institución financiada polo de Benavente.

Para darlle máis capacidade, peráltase o cascarón da bóveda de Santiago, o que obriga a acurtar e apuntar o arco de triunfo e reforzar con contrafortes a cara sur.

Na arquitectura civil iníciase a construción de casas-pazo que terán no século seguinte o seu momento culminante.

## **O Século XVI**

Posiblemente, xunto cos séculos do románico, sexa o período de maior actividade construtiva, tanto no ámbito relixioso como no público e no privado. No primeiro deles salienta a condución de augas a Santa Clara dende a fonte do Castañal mediante acueducto que da nome a Carreira dos Canos. A igrexa de Santiago recibe numerosas e importantes reformas, adosándosele novas capelas e sancristía, así como o retábulo maior, para o que previamente se peraltara o cascarón e que hoxe pódese contemplar en S. Benito. Tamén Vilanova sofre modificacións: múdase a fachada principal, constrúese unha nova capela principal e é posible que se adquirira a Virxe da Expectación de J. de Juni, trasladada posteriormente a Santiago. Sto. Estevo tampouco se libra de modificacións, sobre todo na fachada principal. Completan as obras relixiosas o conxunto de catro cruceiros levantados diante de cada parroquia, dos que só o de Vilanova mantén o seu emprazamento orixinal.

Polo que atinxe ás construcións de carácter público, reconstrúese a ponte de Vilanova ó longo da segunda metade do século, así como entra en servizo unha institución de crédito agrícola ubicada na Praza Maior denominada A Paneira.

Mai sen dúbida foi a construción civil a que recibiu maior pulo. O casco énchese de casa con arco como a dos Feijoo en Tripería, casas con portón adintelado como a dos Amoeiro ou a de Fonteiriña, casas-torre como a dos Feijóo-Ozores nas Láxeas, a do Pozo, a dos Sandoval en Vilanova e posteriormente reconvertida en fábrica de curtidos, casa dos Enríquez...

## **O Século XVII**

Vaise a manter o ritmo construtivo, se ben pode apreciarse o espírito contrareformista no auxe das obras de carácter relixioso. Así érguese o Colexio da Asunción con capela propia – actual Casa da Cultura, despois de ter sido cárcere - , corpo superior da torre e sancristía de S. Pedro, fonte do claustro de Sta. Clara... No campo de S. Isidro unha nova igrexa en honra do Santo Labrador ven a unirse á longa ristra xa daquela existentes.

Descende a construción pública, salientando a presenza de varias fontes ubicadas extramuros: S.Lázaro, Oliveira, Santán e, especialmente, S.Isidro, ó carón da igrexa homónima. Tamén se reconstrúe a Ponte da Zapatería, de tres arcadas e da que aínda no verán pode apreciarse parte da súa cimentación por riba da actual ponte.

A construción civil amosa o auxe que segue a ter a burguesía e fidalguía locais: Granxa do Mato da familia Feijóo, casa dos Salgado na Praza Maior, Casa do Xulgado no Portelo, casa dos Amoeiro con pasadizo e ampliación da xa existente, todas elas blasonadas.

## O Século XVIII

Prodúcense poucas novidades polo que se refire ó sector relixioso. O convento amplía as súas instalacións e colócase un cruceiro na fachada de S.Antonio. Cara mediados de século un incendio destrúe a igrexa de Sta.Clara, construíndose pouco despois a igrexa actual. S.Pedro tamén sofre modificacións na súa nave. Comezan tamén no último cuarto do século as obras de S.Benito en substitución da antiga basílica do s.X.

Na construción civil atopámonos con menos obras, se ben algunhas delas moi chamativas como a fachada da casa-torre da Cruz con pedra de armas grandiosa. Na saída cara Vilanova edifícase a casa da Virxe da Guía no que fora solar do patio de armas dunha das entradas da Vila.

No eido civil salientan as obras de condución de augas á Vila, dirixidas por Ferro Caaveiro, con dúas fontes públicas: a da Barreira e a da Praza Maior.

## O Século XIX



Igrexa de San Benito

século.

Foi este en xeral un século de decadencia, tanto no sector relixioso como na construción civil. No primeiro pouco se pode reseñar a non ser a adquisición de imaxes como a de S.Benito ou a da Virxe de Vilanova en substitución da que, ó parecer, queimaran os franceses. Tamén co remate da torre finalizan por fin as obras de S.Benito, santo que acabará converténdose no patrón co cambio de

No ámbito público, a construción da ponte para a estrada nacional leva aparellada unha chea de desfeitas arquitectónicas: subhasta e venda das ruínas do castelo, desmontaxe da ponte da Zapatería e parte das

murallas...Ben é verdade que a pedra destinouse a muros de contención da estrada e da alameda, enlousado das rúas, nova ponte...

Posiblemente por estaren saturados os adros das catro parroquias, lugares habituais de soterramento, constrúense nas aforas e preto de Vilanova os dous cemiterios, primeiro o de arriba e uns anos despois o de abaixo.

## **O Século XX**

O século comezaba con malos augurios. Coincidindo coa proclamación de Afonso XIII, en 1.902, un raio destrúe a igrexa do Salvador de O Piñeiro. No seu lugar colocouse unha modesta cruz e a fachada, o único que quedara en pé, trasládase en incrustase nun lateral de S.Pedro.Neste primeiro cuarto iníciase tamén as obras do Colexio dos Salesianos. Durante a Dictadura de Primo de Rivera inaugúrase a estrada Allariz – Celanova. Polas mesmas datas xógase ó fútbol en Vilanova, trasládase a fachada da igrexa de S.Lourenzo da Praza de Abaixo á súa actual ubicación na saída da estrada de Xunqueira e entran en servizo dúas novas fontes,a do Eiró e a de Sto.Estevo.

A furia revolucionaria da República rompe a martelazos a coroa do escudo da fonte da Praza Maior. Aínda que non semella haber relación entre ambos feitos, o inicio da Guerra Civil coincide co incendio que arrasou o Concello e con el o seu arquivo.

En plena posguerra constrúese o novo depósito de augas de Roimelo e a pérgola e banco corrido da Alameda. Xa na década dos sesenta a Alameda contará cun busto na honra do P.Feijóo, entregaranse as primeiras vivendas sociais, promovidas pola Obra Sindical del Hogar y Arquitectura e realizarase a ampliación da rectoral de Sto.Estevo.

Nos setenta efectúanse obras en Santiago: elimínase o peralte da bóveda e rebáixase o seu entorno. O recinto de Vilanova acolle as piscinas municipais e, incomprendiblemente, bótaselle formigón enriba do enlousado á ponte homónima.

A rede de estradas mellora notablemente coa que une a Vila con Sta.Mariña e posteriormente a nova nacional 525 dentro do Plan de accesos a Galicia. No eido de infraestruturas educativas, en 1.971 inaugúrase o Colexio P.Feijóo e doce anos máis tarde o daquela chamado Instituto bivalente.

A historia máis recente amósase xenerosa en novos proxectos e transformacións. Mais é este un capítulo vivo e vivido, abondoso en fontes e aproximacións teóricas, do que, malia a todo, co tempo precisárase facer unha nova compilación que sen dúbida non desdirá das mellores páxinas da que aquí remata.

Autor: Antonio Blanco